

FERTIPRADO, os seus 5 segredos ao descuberto

FERTIPRADO é pioneira e líder en mesturas de sementes para forraxes e pastos e fomos descubrir os seus 5 segredos.

1. Exclusividade da súa actividade

FERTIPRADO naceu en 1990, hai 28 anos, con base no traballo de investigación do agrónomo David Crespo, recoñecido mundialmente como experto en pastos e forraxes.

Dende sempre se dedicaron exclusivamente ao desenvolvemento de mesturas de sementes, bio-diversas e ricas en leguminosas, como base da alimentación animal para un sector gandeiro economicamente máis sustentable.

Non se dedican a outros temas, nin a outras sementes (millo, cereais ou outras), nin a abonos e tampouco a pensos. Céntranse única e exclusivamente en sementes para pastos e forraxes.

2. Paixón polo campo

Son uns apaixonados polo campo. Eles mesmos son gandeiros, co cal senten os mesmos problemas que o sector: o baixo prezo do leite, o incremento de prezos dos insumos, a falta de man de obra, os atrasos das subvencións, o clima... Aínda así, falan da súa explotación de ovinos de leite dunha forma cautelante. Parece o mellor negocio do mundo. Non o é, xa o sabemos todos.

Con isto en mente, seguen desenvolvendo este sistema gandeiro baseado no aproveitamento de pastos e forraxes no día a día. Non sendo o mellor negocio do mundo, é un negocio moi interesante e segue crescendo dende hai 30 anos.

Todo o seu equipo técnico acompaña aos gandeiros nas súas explotacións e fano coma se tratase das súas propias explotacións, sempre mirando a longo prazo. Buscan relacións que perduren no tempo.

3. Investigación continua

O sector de I+D é o principal investimento de FERTIPRADO. O seu obxectivo é conseguir plantas máis produtivas, con mellor valor alimenticio e con adaptación a diferentes condicións.

Isto conségueno cos tradicionais métodos de selección e mellora vexetal, a aposta forte da empresa. É un proceso caro e custoso, pois para obter unha nova variedade son necesarios moitos anos, frecuentemente 5, 6 ou mesmo 11, dependendo do tipo de planta, pero o sector ten xa os seus froitos.

Nos últimos anos FERTIPRADO inscribiu 10 novas variedades de distintas plantas para distintos usos e teñen en proceso de inscrición 11 máis. Falamos de variedades de trevo persa, serradelas, trevo subterráneo, trevo vesiculoso, trevo micheliano, trevo *squaroso*... e domesticaron un trevo moi interesante que é o trevo *isthmocarp*. Este trevo, ademais de ter unha calidade alimenticia óptima, ten unha capacidade de adaptación a chans encharcados moi boa.

Este é o principal segredo. Unha mellor calidade xenética leva a mellores produtos e a máis solucións para o mercado.





4. Proximidade co gandeiro

FERTIPRADO ten un equipo técnico cunha única misión: acompañar no campo a instalación, o desenvolvemento e o manexo dos seus produtos. Todos eles son uns verdadeiros afeccionados do campo e do seu traballo. Visitan centos de explotacións todos os anos, onde comparten o seu coñecemento e onde tamén aprenden. Toda a información recollida no campo é compartida con todo o equipo en foros técnicos que fan con bastante frecuencia.

Son moitos anos de experiencia pisando o terreo de toda a península ibérica en distintas contornas. Este coñecemento permite mellorar continuamente os produtos de FERTIPRADO, adaptalos e atopar novas solucións para novos retos.

5. Dominio de dúas ferramentas imprescindibles: biodiversidade e leguminosas

FERTIPRADO é pioneira no uso da biodiversidade como ferramenta para o sector agrogandeiro e no uso de leguminosas nas mesturas.

Este binomio biodiversidade-leguminosa é a base do traballo desta empresa. A biodiversidade permite responder á variabilidade de condicións e usos que caracterizan o mercado agrogandeiro do mediterráneo e ofrece vantaxes múltiples en termos produtivos e cualitativos. FERTIPRADO domina esta ferramenta como ningún.

O seu traballo de selección e mellora está enfocado en conseguir novas variedades de leguminosas, pero traballa tamén en lograr mellores bacterias de *rhizobium* que melloren a eficiencia da fixación de nitróxeno atmosférico.



As leguminosas entran nas mesturas de FERTIPRADO normalmente en gran cantidade e isto tradúcese nunha dobre vantaxe para o gandeiro, pois as leguminosas achéganlle de forma gratuíta dous insumos que doutra maneira serían dos máis caros para a explotación: nitróxeno para o chan e proteína para os animais. Quen sabe se de aí provén o lema de FERTIPRADO “O gando meréceo, a terra agradéceo”.

Por todo iso, o traballo feito por esta empresa familiar de Portugal é magnífico e están presentes na península ibérica, Italia, Francia e Uruguai. Son ao redor de 50 persoas dedicadas apaixonadamente a este tema e o seu afanado traballo é o sexto segredo de FERTIPRADO.

Hoxe o mercado preséntanos distintas mesturas parecidas ás mesturas portuguesas. Son parecidas, pero por todos os segredos aquí descubertos, as verdadeiras mesturas portuguesas son as mesturas de FERTIPRADO.

